

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



INFORME PROPOSTA E DECRETO DA CONCELLEIRA

Expte: 1971/1102

Informe xurídico proposta de solicitude de acceso á información pública

Antecedentes

En data 03.11.2025, a Área de Recursos Humanos remite á Secretaría escrito presentado o 31.10.2025 por [REDACTED] a través do rexistro electrónico, o abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG) no que solicita acceso á información pública relativa a:


"Copia dos arquivos informáticos, así como dos exames realizados e, no seu caso, das plantillas de respostas ou criterios de corrección, correspondentes aos seguintes procesos selectivos convocados polo Concello de Vigo:

- OPE 2017-2018-2019:
 - Administrativo (quenda libre)
 - Auxiliar administrativo (promoción interna)
- OPE 2014-2015-2016:
 - Administrativo (quenda libre)
 - Auxiliar administrativo (quenda libre)
 - Auxiliar administrativo (promoción interna)
- Bolsa de emprego temporal 2017 de auxiliar administrativo
- XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO: OPE 2021-2022:
 - Administrativo (quenda libre)
 - Auxiliar administrativo (quenda libre)
 - Auxiliar administrativo (promoción interna)
- XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO: Estabilización OEP 2022
 - Auxiliar administrativo (quenda libre)"

Consta incorporado ao expediente informe de data 03.11.2025, solicitado por parte da Área de Recursos Humanos ao servizo de Administración Electrónica, que contén o enlace á información solicitada.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)



Copia do documento - Concello de Vigo
1971-1102

Data impresión: 06/11/2025 14:19

Páxina 1 de 4

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do acceso á información.-

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar e reforzar a transparencia da*

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/11/2025 14:19	Páxina 2 de 4
	1971-1102		
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade" (art. 1 de la LTAIBG).

A LTAIBG recoñece no seu artigo 12 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, e o seu obxectivo é someter a escrutinio a acción dos responsables públicos, coñecer como se toman as decisións que afectan os cidadáns, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións. Neste sentido, o Preámbulo da LTAIBG, sinala que "A transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos."

SEGUNDO.- Respecto da solicitude formulada.-

A vista da solicitude e de conformidade co artigo 19 da LTAIBG, a Área de Recursos Humanos e Formación solicitou informe ao servizo de Administración Electrónica que, en data 03.11.2025, emite informe que contén o enlace á información solicitada pola interesada.

Toda vez que a información solicitada constitúe información pública nos termos sinalados no artigo 13 da LTAIBG procede facilitar á solicitante o seu acceso.

TERCEIRO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude correspóndelle a Concelleira de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas de data 28.06.2024.

Polo exposto formúlase a seguinte **PROPOSTA**:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude formulada por [REDACTED] e facilitar a información a través do enlace do informe incorporado ao expediente polo servizo de Administración Electrónica:

SEGUNDO.- Notificar á persoa interesada e comunicarlle que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/11/2025 14:19	Páxina 3 de 4
1971-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.


A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.- Patricia Rodríguez Calviño (*Resolución de delegación específicas de data 28.06.2024, BOP nº 133 de data 09.07.2024*)

Dou fe, a Secretaria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/11/2025 14:19	Páxina 4 de 4
1971-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		